



CONXUNTURA TURÍSTICA EN GALICIA

Ocupación en establecimientos regrados

Abril 2019

Este breve informe recolle unha síntese provisional da conxuntura turística de Galicia correspondente ao **mes de abril de 2019**, medida a partir dos datos de ocupación nos establecementos de aloxamento regrado da comunidade –establecementos hoteleiros, apartamentos turísticos, cámpings e establecementos de turismo rural- fornecidos polo INE. Realízase, neste sentido, unha análise global para o conxunto do sector previa a un estudo máis pormenorizado en cada unha das tipoloxías de aloxamento mencionadas.

A análise realízase cunha perspectiva temporal para observar dinámicas de comportamento en relación ao pasado ano 2018 e anteriores.

ABRIL 2019


Tab 1. Viaxeiros, noites, estadía media e grao de ocupación nos establecementos regrados

TIPO DE ALOXAMENTO	VIAXEIROS		NOITES		ESTADÍA MEDIA		OCUPACIÓN	
	Nº	Var. Int. 19/18	Nº	Var. Int. 19/18	Nº	Var. Int. 19/18	%	Var. Int. 19/18
HOTEIS	294.170	16,1%	565.789	16,3%	1,92	0,2%	42,03%	4,25
PENSIÓNS	67.506	37,0%	120.358	28,1%	1,78	-6,5%	24,81%	5,53
ESTAB. HOTELEIROS	361.676	19,5%	686.147	18,2%	1,90	-1,1%	37,44%	4,75
APTOS. TURÍSTICOS	10.526	19,1%	33.505	59,8%	3,18	34,2%	23,52%	5,62
CÁMPINGS	4.232	60,1%	11.157	86,3%	2,64	16,3%	12,60%	3,84
TURISMO RURAL	19.468	50,7%	34.123	62,6%	1,75	7,9%	17,92%	6,79
ESTAB. EXTRAHOTEL.	34.226	40,3%	78.785	64,3%	2,30	17,2%	-	-
TOTAL	395.902	21,0%	764.932	21,7%	1,93	0,6%	-	-

- En abril deste ano 2019 obsérvase un comportamento positivo da demanda turística regrada no conxunto da comunidade. En particular, a cifra de viaxeiros aloxados sobe un 21,0% e o volume de noites un 21,7% en relación ao mesmo período do pasado ano.
- Cunha perspectiva temporal máis ampla obsérvase un comportamento irregular da demanda neste cuarto mes do ano como consecuencia do efecto do calendario e, en particular, coa celebración da Semana Santa. Así rexístrase un comportamento positivo naqueles anos nos que este evento se celebra en abril –en 2014, 2015, 2017 e agora en 2019, por exemplo- e caídas naqueles no que cadra en marzo –en 2013, 2016 e 2018-. A dinámica está, por tanto, afectada por este importante período festivo e vacacional do mesmo xeito que acontecía en marzo mais no sentido contrario.
- Esta tendencia sitúa o volume deste mes de abril en preto de 765 mil noites no conxunto da oferta regrada, a segunda cifra máis elevada da serie histórica –só por detrás do valor rexistrado en abril de 2017-.
- En termos de viaxeiros aloxados a dinámica é semellante, alternándose anos de crecemento con anos de caídas en función principalmente do calendario. Con todo a cifra deste abril sitúase en preto de 396 mil viaxeiros no conxunto da comunidade.

- Sobe a demanda logo de rexistrar unha caída no pasado mes de marzo pero dalgunha maneira da continuidade á serie de crecementos consecutivos nos catros meses anteriores –de novembro do pasado ano a febreiro deste 2019-. O cómputo global corresponde a anos distintos mais coincide en grande medida coa temporada baixa desde o punto de vista turístico.
- No acumulado dos primeiros catros meses deste ano 2019 rexístrase un crecemento global da demanda do 5,1% como consecuencia da combinación de dous factores: incremento da cifra de viaxeiros aloxados –do 3,2%- e certa mellora da estadia media –do 1,8% neste caso-.

Fig. 1. Volume de noites nos establecementos regrados. Mes de abril 2005-19




- En termos de volume as variacións deste mes tradúcense, nun sentido estrito, na xeración de preto de 69 mil viaxeiros aloxados e de case 137 mil noites en comparación coas cifras de abril do pasado ano.
- A nivel estatal obsérvase un comportamento semellante pero de menor intensidade. No conxunto de España rexístrase tamén un crecemento tanto da cifra de viaxeiros aloxados –do 8,6%- así como do volume de noites –do 7,9% neste caso-.
- Rexístrase neste mes un comportamento homoxéneo da demanda a nivel das comunidades autónomas, con incrementos xeneralizados e de diversa intensidade. Asturias é o destino que presenta o crecemento máis notorio en termos porcentuais, superando nun 35,7% o volume de noites de abril de 2018. Galicia sitúase en segundo lugar cunha suba do 21,7%. Así pois, dúas comunidades da España Verde lideran o crecemento da demanda turística regrada a nivel estatal neste cuarto mes do ano.
- Os restantes destinos presentan tamén un comportamento positivo aínda que de menor intensidade mais variable. Con subas por encima do 15% sitúanse A Rioxa, Navarra e Cantabria –xusto por detrás de Asturias e Galicia- o cal significa que son as comunidades localizadas no norte peninsular as que amosan mellor comportamento relativo neste mes de abril.
- No lado contrario, os incrementos máis moderados sitúanse en Murcia e Canarias, con subas inferiores ao 2% interanual.
- Do lado dos viaxeiros aloxados o panorama é semellante no sentido de que se observa un comportamento positivo xeneralizado mais o ranking cambia levemente. Neste caso é Galicia o

destino que lidera o crecemento a nivel estatal cun incremento do 21,0% -Asturias sitúase en segundo lugar cunha suba parella, do 20,2% neste caso-. Neste caso Madrid amosa o crecemento máis moderado, do 1,8% en relación ao pasado ano.

- Desde a perspectiva do volume Galicia ocupa neste mes a oitava posición representando o 2,2% do total de España. Canarias é o destino de maior peso en termos de demanda turística regradada con preto de 7,7 millóns de pernoctacións no mes de abril –o 21,6% do total-. Sitúanse a continuación Cataluña –con 6,3 millóns de pernoctacións-, Andalucía –con preto de 6,1 millóns-, a C. Valenciana –con pouco máis de 3,9 millóns-, Baleares –con case 3,5 millóns- e Madrid –con máis de 2,4 millóns neste caso-. Só estas seis comunidades agrupan ao 84,1% do total da demanda turística regradada do conxunto de España.
- En abril o 89,7% da demanda turística regradada corresponde aos establecementos hoteleiros, porcentaxe que inclúe tanto aos hoteis –que representan o 74,0%- coma ás pensións –co 15,7% neste caso-. O 10,3% restante, en cambio, sitúase no segmento extrahoteleiro, porcentaxe que neste caso reúne aos apartamentos turísticos –que representan o 4,4% da demanda total-, aos cámpings –co 1,5%- e aos establecementos de turismo rural –que supoñen o 4,5% neste caso-.
- A pesar de ter un peso moi baixo –do 1,5%-, por vez primeira neste ano os cámpings conseguen certo nivel de demanda en contraposición ao que se observaba no primeiro trimestre cando apenas supoñían o 0,1% do total. Tal circunstancia indica que dalgunha maneira rematou a temporada baixa e entramos na temporada media, período no que se reduce levemente o peso do segmento hoteleiro –a pesar de que segue sendo moi elevado- e xorde o cámping como tipoloxía de aloxamento.

Fig. 2. Peso das diferentes modalidades de aloxamento regradado. Abril 2019




- En calquera caso, o comportamento global da demanda turística regradada neste mes de abril vén unha vez máis moi condicionada pola evolución rexistrada nos establecementos hoteleiros, e particularmente nos hoteis. Continúa a ser a tipoloxía de maior volume e peso na estrutura da demanda –absorbe a tres de cada catro noites no aloxamento regradado-.
- En relación coas tipoloxías de aloxamento obsérvase neste mes un comportamento homoxéneo, con incrementos xeneralizados de diversa intensidade. No ámbito hoteleiro o crecemento sitúase

no 16,3% no caso dos hoteis e no 28,1% para as pensións –como consecuencia de incrementos paralelos da cifra de viaxeiros aloxados-.

- No segmento extrahoteleiro obsérvase igualmente un comportamento positivo pero de maior intensidade, con subas que se sitúan no contorno do 60% nos apartamentos turísticos e nos establecementos de turismo rural, e superan o 85% no caso dos cámpings –modalidade que neste mes presenta a porcentaxe máis elevada pero que fai referencia a un volume menor de demanda-. De feito esta suba tradúcese na xeración de algo máis de cinco mil noites en comparación con abril do pasado ano.
- Tendo en conta os dous grandes segmentos da oferta –hoteleiro e extrahoteleiro- o comportamento é igualmente homoxéneo. Incrementábase o número de noites un 18,2% no primeiro e un 64,3% no segundo, porcentaxes referidas ao seu conxunto.

Fig. 3. Variación interanual dos viaxeiros e noites en estab. regrados. Abril 2019/18, por tipoloxías




- En termos de volume a variación da demanda tradúcese na xeración de 60 mil noites no segmento hoteleiro e de case 10 mil no ámbito extrahoteleiro –cifra que na súa maior parte corresponde aos establecementos de turismo rural-.
- Dentro do segmento hoteleiro o comportamento da demanda é tamén positivo nas diferentes categorías, con variacións de diferente intensidade mais todas moi notables. As subas máis destacadas en termos porcentuais rexístranse nos hoteis de dúas estrelas e nas pensións de tres e dúas estrelas –segmentos nos que o volume de noites incrementábase en máis dun 40% en relación ao pasado ano-. Os crecementos superan o 10% interanual nos hoteis de tres e unha estrela e fican por debaixo nas tipoloxías de maior e menor categoría –hoteis de catro e cinco estrelas por un lado e pensións dunha estrela polo outro-. En todos os segmentos a mellora do nivel de demanda provén en grande medida dun crecemento paralelo da cifra de viaxeiros aloxados ampliado ou amortiguado segundo o caso por variacións da estadía media.
- Neste mes de abril o 73,0% da demanda turística regrada corresponde ao turismo nacional, segmento que inclúe tanto ao turismo interno -o dos residentes en Galicia- como ao receptor

nacional -aqueles que proveñen das restantes comunidades autónomas do Estado-. O 27,0% restante corresponde en cambio ao turismo internacional. Estas porcentaxes están referidas ás pernoctacións mais aseméllanse ás rexistradas do lado dos viaxeiros aloxados –neste ámbito o peso do turismo nacional sitúase no 69,7% e o do internacional no 30,3%-.


- Esta distribución é propia dun mes de temporada media-baixa no que o peso do turismo internacional se achega ao 30% a diferenza do que acontecía en xaneiro e febreiro, por exemplo, meses nos que o mercado estranxeiro se situaba no contorno do 17-18% do total.

Fig. 4. Peso dos mercados nacional e estranxeiro no conxunto da oferta regrada. Abril 2019




- En termos de mercado obsérvase un comportamento homoxéneo neste mes de abril, con variacións positivas de notable intensidade.
- O turismo nacional incrementase un 19,9% como consecuencia dun crecemento parello da cifra de viaxeiros españois, do 17,1% neste caso. Este incremento vén a confirmar a dinámica irregular que o mercado nacional ten en Galicia no mes de abril, moi condicionada polo efecto do calendario pola celebración da Semana Santa –evento que afecta en grande medida a este segmento-. Con isto o turismo do conxunto do Estado xera neste mes preto de 559 mil noites –a segunda cifra máis elevada da década-.

Fig. 5. Variación interanual dos viaxeiros e pernoctacións por procedencia, nos estab. regrados. Abril 2019/18




- O turismo internacional presenta tamén unha dinámica positiva superando nun 27,1% o nivel de demanda do pasado ano como consecuencia da notable mellora da cifra de viaxeiros estranxeiros –que sobe un 31,1%-. Sobe o turismo internacional logo de presentar unha caída en abril de 2018 mais da continuidade á tendencia positiva rexistrada nos catro anos anteriores, de 2014 a 2017. Esta dinámica sitúa o nivel final de demanda internacional en algo máis de 206 mil noites –dato que supón un máximo histórico-. Nunca antes o mercado internacional conseguira superar o nivel das 200 mil noites no conxunto do aloxamento regrado no mes de abril.
- O máximo en termos de volume non se traduce na mesma situación para o caso do peso. Tal como se comentou anteriormente o mercado internacional representa neste mes o 27,0% do total da demanda turística regrada, a segunda porcentaxe máis elevada da serie histórica –en abril de 2016 marcaba o nivel máis alto cun 27,2%-.
- O comportamento dos dous segmentos de mercado é semellante nas dúas grandes tipoloxías de aloxamento. O turismo de ámbito estatal sobe tanto no segmento hoteleiro –un 15,5%- coma no extrahoteleiro –un 71,7% neste caso-. O turismo internacional sobe tamén nos dous segmentos –un 26,0% no hoteleiro e un 42,0% no extrahoteleiro-. Ambos mercados presentan incrementos importantes e notorios mais de maior intensidade no conxunto dos establecementos extrahoteleiros.
- Máis polo miúdo obsérvase que o crecemento dos dous segmentos de mercado é unha característica transversal e afecta a todas as tipoloxías e segmentos con diversa intensidade. En termos relativos o incremento máis intenso vén dado polo turismo internacional nas pensións de tres e dúas estrelas, segmento no que supera en máis do dobre as cifras de abril do pasado ano.
- A estadía media nos establecementos regrados de Galicia sitúase en 1,93 noites, cifra que se incrementa nun 0,6% en relación ao pasado ano 2018 –dato que fala máis ben de certa estabilidade do valor nestes dous anos-. Sobe a estadía media por terceiro ano consecutivo neste mes de abril, situando a cifra deste 2019 na máis elevada dos últimos sete anos –se ben as diferenzas non son moi significativas-.

Fig. 6. Estadía media nos establecementos regrados. Abril 2019



- Neste mes son dúas modalidades -os apartamentos turísticos e os cámpings- as que presentan as estadias máis elevadas, con 3,2 noites de media nos primeiros e con 2,6 noites nos segundos. Marcan diferenza coas restantes tipoloxías que fican por debaixo das dúas noites con valores bastantes parellos –con pouco máis de 1,9 noites nos hoteis e con preto de 1,8 noites nas pensións e nos establecementos de turismo rural-.
- En termos dinámicos a estadia media varía de forma dispar nas diferentes tipoloxías. Sobe e mellora no ámbito extrahoteleiro –un 34% nos apartamentos turísticos, un 16% nos cámpings e un 8% nos establecementos de turismo rural-, mantense estable nos hoteis e diminúe nas pensións –un 6,5% neste caso-.
- A estadia media en Galicia sitúase nunha posición baixa en relación ás restantes comunidades autónomas, superando neste mes os valores rexistrados en tres destinos –Estremadura, Castela A Mancha e Castela e León-. Canarias, con 6,8 noites de media, marca o valor máis elevado neste mes de abril. No lado contrario é Castela e León o destino que presenta a cifra máis baixa, con 1,8 noites.
- En termos dinámicos a estadia media varía de forma dispar entre as diferentes comunidades autónomas sendo maioría as que presentan un comportamento positivo. Neste contexto Galicia sitúase no grupo dos destinos onde mellora en relación a 2018, se ben outras comunidades amosan crecementos de maior intensidade –dez en total, sendo Asturias o destino que lidera este ranking cunha suba do 12,9%-.

Fig. 7. Ocupación por prazas e variación interanual en estab. regrados. Abril 2019



- Desde o punto de vista da ocupación a dinámica é parella. Sobe e mellora en todas as modalidades de aloxamento con notable intensidade. O incremento sitúase no contorno dos catro puntos porcentuais nos hoteis e nos cámpings, supera os cinco puntos porcentuais nas pensións e nos apartamentos turísticos e achégase aos sete puntos nos establecementos de turismo rural.

- Os hoteis son a modalidade de aloxamento que presentan o nivel de ocupación máis elevado cun 42,0% de media neste mes. No lado contrario, a porcentaxe máis baixa sitúase nos cámpings –cun 12,6%- e nos establecementos de turismo rural –cun 17,9% neste caso-.